

PEOR IMPOSIBLE



PETER PUNK PALLASO

ESPECTÁCULO

PEOR IMPOSIBLE

O cuarto espectáculo de Peter Punk. Un novo unipersoal deste recoñecido pallaso galego, no que mantén a súa esencia e o humor irreverente co que acadou o éxito. E onde da mostra da súa veteranía e madurez, tras máis dunha década de traxectoria profesional. Peter Punk non contaba con que as cousas sempre poden ir a peor. Na súa nova aventura, non lle queda outra que afrontar o seu fracaso. Pero está disposto a todo pola risa do público. Unha catedral de nove paraugas en equilibrio, o salto ao baleiro dun voluntario a cegas, o perigoso Circuito da Morte, e un evocador final que sorprenderá ás máis cativas e cativos, e fará reflexionar ao público adulto. Nesta ocasión veremos a un pallaso optimista, equilibrado e olímpico, que buscará a complicidade do público para superar as dificultades que atopará en cada rutina, como unha metáfora dos tempos que vivimos.



Premio do Público
FESTICLOWN 2014 (Rivas Vaciamadrid)



Eva Triñanes
637 756 129
peterpunkpallaso@charlatana.org
www.charlatana.org



A COMPAÑÍA

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos. Os seus espectáculos gozan dunha grande acollida por parte do público cativo e adulto. A compañía PETER PUNK PALLASO nace arredor de 2003 có espectáculo unipersoal CHUNGO QUE TE CAGAS, que perfilará o seu humor fresco, irreverente e orixinal. Nos seguintes anos terá unha evolución meteórica. Crea o seu segundo unipersoal, A CHUNGATRONA, no que mantén o seu estilo singular. Máis tarde crea dous espectáculos dirixidos polo pallaso e dramaturgo Walter Velázquez: PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE, con música ao vivo, creada e interpretada por Brais das Hortas, con quen comparte elenco. PEOR IMPOSIBLE, o espectáculo máis recente, e no que se confirma a madurez deste pallaso internacional.

CURRÍCULO DESTACADO

XXXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas de Morrazo (Cangas, Pontevedra, Galicia), Festival Internacional de Outono FIOT (Carballo, Galicia), Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense MITEU (Galicia), Festival Pirineos Sur 2013 (Huesca, España), Festival Internacional de Calle de Gomecello (Salamanca, España), Festival Mueca 2012 (Canarias, España), FESTICLOWN Vigo, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa (Galicia), Festiclown Palestina 2011, Anjos do Picadeiro 2011 (Brasil), Festival Cómico de Maia, (Portugal), Festival Fazer a Festa (Portugal), Festival I (Portugal), Festival É-Aqui-In-Ócio de Póvoa de Varzim (Portugal), Teatro Municipal de Vila Real (Portugal), Festival de Teatro de Lamego (Portugal), 28ª Ulica Festival 2015 (Cracovia, Polonia), Festival Rototom Sunsplash (Benicàssim, Castellón, España), Mostra Internacional de Payasos de Xirivella (Valencia, España).